

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE MAIO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2402/06.- Belen Vázquez Guerra.- Legalización planta baixo-cuberta na R/ San Marcos.-

1002/07.- Juan Sande Otero.- Legalización obras executadas na edificación sita no Lugar de Rebordaos núm.42, Parroquia de San Caetano.-

1880/06.- Santiago Sur, S.L.- Edificio (4 viv.) no quinteiro 18 do Polígono 2 do SUP-5 da Choupana.-

1901/06.- Manuel Pombo Sánchez.- Reconstrución de cuberta de edificación no Lugar de Paradela, Nemenzo.-

1618/06.- Roberto García Conde.- Reconstrución e ampliación de viv. unif. en Camiño Real de Piñeiro, O Eixo núm.49.-

293/07.- José Luís Ageitos Roo.- Nave sen uso específico na parcela 92-A, sita no Polígono Industrial de Costa Vella, Sector 1º do SUNP-37.-

1746/06.- Ana Mª Fuentes Cobas.- Legalización e prórroga de viv.unif. en San Miguel dos Agros.-

326/07.- Carlos Boquete Paz.- Viv.unif. en Rúa da Eira Nova.-

PARCELACIÓNS.-

150/07.- Avelino Álvarez Blanco.- Parcela sita no núm.23 A da Choupana (+).-

PRÓRROGA.-

858/07.- Silvestre Manuel Peón Pérez.- Viv. unif. en Camiño de Lermo núm.29.-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

221/07.-Carmen Couselo Montero.-Expte.....1587/04.....2.000 €.-

389/07.-Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.- Expte.....1106/04.....1.300 €.-

798/07.- Rocío González Rey.-.....Expte.....2216/02.....2.164 €.-

339/07.-Juan José Vázquez Mato.....Expte.....730/00.....2.356,39 €.-

796/07.-Ignacio Montenegro Gil.....Expte.....213/04.....2.806 €.-

CORRECCIÓN ERRO MATERIAL DO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 16 DE ABRIL DE 2007

2410/06.- Rosalía Martínez Montoiro.- Regularización de lindeiros da parcela 514 do Lugar de Aríns.-

CORRECCIÓN ERRO MATERIAL DO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 16 DE ABRIL DE 2007

2212/06.- Ricardo Castro Ríos, en repr. de Proveito, S.L.- Parcelación de parcela sita no lugar de Costa de Santa Isabel.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2384/2006.- Consorcio da Cidade de Santiago.- Dotación dunha rampa de acceso ao adro no conxunto da Igrexa parroquial de Sabugueira.-

LIC/2361/2005.- Purificación López Meijide.- Rehabilitación de elementos comúns na rúa Trinidad, número 6.-

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para gastos de manutención para tres familias.

5.- Proposta da concelleira delegada de Persoal sobre reparto do 1% da masa salarial.

Apróbase a distribución individualizada do 1% da masa salarial, destinada ao pagamento de dúas pagas adicionais nos meses de xuño e decembro, co obxecto de facer posible un incremento do complemento específico que permita a súa percepción en 14 pagas ao ano en sucesivos exercicios. O reparto farase de xeito lineal, de modo que no ano 2007 cada funcionario ou traballador percibirá unha cantidade de 295,88 euros ao ano, ou 147,94 euros cada semestre.

6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal sobre modificación da relación de postos de traballo para adaptala ao cadro de persoal do Concello para o ano 2007.

Apróbase a modificación da relación de postos de traballo do Concello para adaptala ao contido do cadro de persoal para o ano 2007.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal sobre aprobación da oferta de emprego do Concello para o ano 2007.

Apróbase a devandita oferta de emprego para o ano 2007 no seguinte sentido:

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

1. Ingreso: técnico de administración xeral (dúas prazas); arquitecto técnico; topógrafo; músico (tres prazas); garda; bombeiro-conductor.

2. Promoción interna: técnico medio de consumo; músico (dúas prazas).

PERSOAL LABORAL

1. Ingreso: educador familiar.

2. Promoción interna: coordinador centros socioculturais (dúas prazas); músico (tres prazas).

8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal sobre aprobación de bases específicas da convocatoria de prazas incluídas nas ofertas de emprego do Concello dos anos 2006 e 2007.

Apróbanse as devanditas bases.

9.- Aboamento de horas extraordinarias e indemnizacións por servizos extraordinarios.

Apróbase o aboamento de horas extraordinarias a distinto persoal municipal.

10.- Proposta da concelleira-delegada de Persoal sobre resolución de recurso de reposición interposto en expediente disciplinario a un funcionario.

Acórdase a admisión do recurso plantexado.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Transporte relativa a interposición de recurso de alzada contra resolución da Dirección Xeral de Transportes de 16 de abril de 2007.

Apróbase o recurso de alzada para a súa presentación ante a Dirección Xeral de Transportes.

12.- Proposta da concelleira delegada da Muller para dar conta da revogación parcial de subvencións concedidas para o fomento do emprego polas entidades locais a través do programa de cooperación para o ano 2006.

Dáse conta da devandita revogación.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa ao apoio do Concello a un proxecto empresarial.

Apróbase apoiar o proxecto empresarial de María Jesús Rodríguez Baña como iniciativa local de emprego.

14.- Adxudicación do subministro de sillas operativas e accesorios para distintos departamentos municipais.

Adxudícase o subministro á empresa TECAM OFICINAS, SA, por importe de 19.962,36 euros.

15.- Adxudicación das obras de reforma do campo de fútbol das CANCELAS.

Adxudícanse as obras á empresa CALFENSA PROYECTOS, SL, por un importe de 348.462 euros e un prazo de execución de 28 días.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude ante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio dunha axuda para o programa COMPOSTELA AVANZA EN MAISCOMPOSTELA.ORG.

Apróbase a presentación da solicitude de axuda para o devandito programa por importe de 195.000 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica para dar conta da concesión de dúas subvencións para a contratación de mulleres desempregadas.

Dáse conta da concesión das dúas subvencións, polo importe total de 67.600 euros.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica para dar conta da concesión dunhas subvención para a posta en marcha do proxecto experimental CREAR.

Dáse conta da concesión da subvención plurianual da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, para a posta en marcha do proxecto experimental de inserción Crear, polos seguintes importes: 2007, 130.327 euros; 2008, 48.872 euros. Total: 179.100 euros.

19.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Santiago para a execución das "obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Santiago de Compostela, fase 1", clave OH.cv7.002.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio para infraestruturas hidráulicas en Nemenzo, Enfesta, Sionlla, Lavacolla e Miramontes, por un importe de 1.051.630 euros.